

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación da data de desconexión coa sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña como consecuencia da situación excepcional orixinada pola epidemia do coronavirus (COVID-19).

EXPEDIENTE: 2020/G003/000728

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Ames en sesión do 27.02.2020, adoptou acordo de Revogación do Convenio de colaboración para uso compartido da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña. O acordo adoptado establecía como data de desconexión o 01.04.2020.

A decisión de desconexión é a consecuencia da licitación polo Concello do contrato de servizos para o deseño e implantación da administración electrónica.

Unha vez adxudicado o contrato, dentro da fase de implantación estaban previstas unhas formacións presenciais para o persoal municipal os días 17 e 18 de marzo, e outras de refresco os días 31 de marzo, 1 e 2 de abril que contarían coa necesaria presenza de persoal da empresa adxudicataria do contrato ADD4U Soluciones para gestión y desarrollo.

Non obstante, dada a evolución da pandemia do coronavirus COVID-19, o Goberno do Estado declarou o Estado de Alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Entre as medidas do Real decreto 463/2020 atópase a suspensión de prazos e a interrupción de prazos para a tramitación do procedementos administrativos.

Por todo o exposto esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación de réxime local, Lei 7/1095, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **resolve:**

Primeiro. Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha prórroga na data de desconexión da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, que estaba establecida no 01.04.2020, quedando sen determinar a nova data á espera do levantamento do Estado de Alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, dada imposibilidade de que o día 1 de abril poda estar en servizo a nova plataforma.

A nova data será comunicada coa antelación oportuna á Deputación provincial da Coruña.

Segundo. Dar conta ao Pleno do Concello da presente resolución na vindeira sesión que se celebre.

Terceiro. Notificar a presente resolución á Deputación Provincial da Coruña.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo